

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE TRABALLO DE PLANEAMENTO URBANÍSTICO CELEBRADA O DÍA 20 DE SETEMBRO ÁS 13H NO SALÓN DE REUNIÓN DA 1ª PLANTA DO CONCELLO DE OLEIROS.

Asistiron:

- M^a José Varela Neira
- Marta Bosch Pibernat
- Carlos Pérez
- José Agustín Barca Cotelo
- José Manuel Peña Penabad
- Roberto Chao Gavilán

Están representados os Concellos de Oleiros, Sada, Cambre, A Coruña e Bergondo. Non asiste ningún representante de Arteixo, Abegondo, Betanzos e Culleredo.

Tratáronse os seguintes asuntos da orde do día:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a elaboración dun Plan Territorial Integrado en desenvolvemento das Directrices de Ordenación do Territorio, que abrangue o espazo metropolitano da cidade da Coruña en colaboración e coordinación cos concellos afectados.

Coméntase a necesidade dun plan territorial integrado como instrumento óptimo para diagnosticar cales son os problemas reais dos municipios do entorno urbano de A Coruña e elaborar unha planificación de infraestruturas, de equipamentos e de recursos de carácter integrado, o que facilitaría as relacións funcionais destes municipios. Isto é independente do proceso de planeamento urbanístico xeral de cada un dos municipios, do que se trata é de ir traballando nun proxecto común de iniciativa municipal para a elaboración dun documento que defina as determinacións propias dun plan territorial integrado como poden ser o sinalamento dos espazos aptos para as grandes infraestruturas, definir a ubicación de equipamentos de interese común, estudo de posibilidades de desenvolvemento económico, etc. todo isto sobre a base das Directrices de Ordenación do Territorio, documento amplo pero pouco preciso.

Se ben corresponde á Xunta acordar a iniciación do procedemento de súa elaboración, é importante que os concellos traballen no documento non só para diagnosticar problemáticas e valorar determinacións, senón ademais para motivar a necesidade e a transcendencia do inicio do proceso de redacción do Plan. A participación dos concellos nos traballos previos (elaboración de anteproxecto ou estudo básico) supón maior decisión e influencia que a participación no proceso obrigado de información durante o procedemento de aprobación do Plan.

Tamén coméntanse os plans territoriais integrados de ámbito metropolitano cuxa iniciativa para acordar a iniciación do procedemento de elaboración correspondería á asemblea metropolitana no prazo de 2 anos a contar desde a constitución da área metropolitana.

Ao fin deste debate, José Manuel Peña Penabad, fai entrega dunha ficha "RESUMEN DEL PLAN DE TRABAJO PARA LA ELABORACION DE LA ESTRATEGIA DUSI DEL AREA METROPOLITANA A



**CONCELLO DE
OLEIROS**

CORUÑA” e comunica a intención do alcalde de A Coruña de convocar unha MESA de alcaldes na que se tratarán os seguintes asuntos:

- Validar o documento EDUSI metropolitano.
- Proceso de conformación da estratexia metropolitana a fin de lograr un compromiso dos municipios para elaboración de instrumento de planeamento territorial e de gobernanza municipal. Trátase de deseñar entre todos os concellos interesados o proceso para a lexitimación institucional do ámbito de municipios do entorno de A Coruña.

Nalgún momento haberá que suscitarse a interrelación con outros organismos como a Deputación Provincial, Augas de Galicia, a Universidade, etc.

En definitiva, trátase de ir traballando simultaneamente proxectos de interese dos municipios do entorno de A Coruña, co proceso de creación da entidade que posibilite a gobernanza do ámbito territorial interesado.

2º.- Modificar a denominación da Mesa de Planeamento Urbanístico a “Mesa de Coordinación Urbanística”.

O cambio de denominación propónse para que o obxecto das reunións da mesa fóra máis amplo e así poder unificar criterios, por exemplo, na elaboración e actualizacións das ordenanzas municipais que incidan no eido urbanístico, así como a elaboración de liñas de traballo conxuntas.

A proposta acéptase por todos os presentes.

3º.- Outros asuntos que se queiran tratar.

Non se tratan outros asuntos.

Oleiros, a 20 de setembro de 2016.

A Secretaria da mesa,

Asdo.: Marta Bosch Pibernat